

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de abril de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudosio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dezaoto minutos do día oito de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(414).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(415).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADXUDICADO NO ANO 2006 A AGRUPCONSA S.L. PARA A EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DO CHALET AGARIMO NA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 5422/111.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta proposta do titular da Asesoría Xurídica, do 8.04.10, que di o seguinte:

Visto o escrito presentado por Agrupconsa, S.L. con esta data no Rexistro Xeral do Concello, no que manifesta a súa conformidade coa resolución do contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006 para a execución da primeira fase das obras de reconstrucción do chalet Agarimo na parroquia de Beade, e as estipulacións propostas para a dita resolución, este titular da Asesoría Xurídica municipal propón a Xunta de Goberno Local, en base as consideracións que se conteñen no informe de 7 de abril de 2010, emitido sobre esta cuestión a petición verbal do concelleiro delegado de Participación Cidadá, Promoción Económica e Emprego, a adopción do seguinte ACORDO

Proceder a resolución por mutuo acordo entre esta Administración municipal e a contratista Agrupconsa, S.A. do contrato adxudicado a esta por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006 para a execución da primeira fase das obras de reconstrucción do chalet Agarimo, conforme as estipulacións que seguen:

- A probada que sexa a resolución do contrato pola Xunta de Goberno Local se entenderá entregada e posta á plena disposición desta Administración municipal a posesión inmediata da parcela e das obras executadas nela, das que esta xa foi pagada.*
- As partes renuncian a indemnización algunha por razón do contrato e das obras executadas e por executar, excepción feita das eventuais responsabilidades da contratista por vicios ocultos nas obras executadas durante o prazo previsto no contrato resolto.*
- Coa resolución do contrato procederase a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista.*
- O contratista comprométese a desistir do recurso interposto co obxecto de obter a resolución do contrato e o Concello de Vigo renuncia á reclamación das custas a cuxo pago puidera eventualmente ser condenada a contratista como consecuencia do desistimento do seu recurso.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita proposta.

3(416).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONSTRUCIÓN DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA EN VALLADARES. EXPTE. 4598/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 8.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de obras redactado pola empresa Galaicontrol en marzo de 2010, sendo a enxeñeira autora do proxecto Mercedes Quintana Navío.

2º.- Aproba-lo gasto de 144.594,97 euros para a contratación das obras de Construcción dunha pista deportiva para maiores en Valadares, no marco do programa “FEESL” que se imputarán a partida 4631.609.00.70 do presuposto do ano 2010.

3º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación das obras de “Construcción dunha pista deportiva para maiores en Valadares” no marco do programa “FEESL” que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18/03/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento negociado sen publicidade con carácter de urxencia de data 05/04/2010.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista, mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

4(417).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA DE MÚSICA EN BEADE. EXPTE. 4597/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 8.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de obras redactado pola empresa Galaicontrol en marzo de 2010, sendo a enxeñeira autora do proxecto Trinidad López Rodríguez.

2º.- Aproba-lo gasto de 241.610,99 euros para a contratación das obras de construción da “Escola de Música de Beade” no marco do programa “FEESL” que se imputarán a partida 4631.622.00.71 do presuposto do ano 2010.

3º.- Aproba-lo expediente de contratación para a contratación das obras de construción da “Escola de Música de Beade” no marco do programa “FEESL” que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18/03/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras por procedemento aberto de data 07/04/2010.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte e un minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.